

CRITERIOS CUALIFICACIÓN LENGUA CASTELLANA ESO (Todos os cursos)

En cada avaliación, ponderaranse as seguintes variables:

a) Proba/s escrita/s: 70%

b) Traballos en clase: 30% (atención, participación, actitude cara a materia, comportamento, realización das tarefas e entrega de actividades propostas)

Todos os exercicios corrixidos pola profesora poderán ter penalizacións por erros ortográficos: 0,1 por cada falta ou por cada enunciado de expresión incoherente, ilexible ou agramatical. Estas penalizacións poderán restar ata un máximo de 2 puntos (nunha escala de valoración de 1 a 10).

NOTA 1 : non se recollen entregables fóra de prazo. Se algún alumno non se presenta aos exames escritos ou ás exposicións orais, deberá achegar xustificante da ausencia para optar á súa realización noutra data, que fixará a profesora.

NOTA 2: copiar durante a realización dun exame implica unha puntuación de 0.. Pola mesma non se darán por válidas a entrega de tarefas que se mostren como copias entre compañeiros ou ben simples copias de Internet.

NOTA 3: non se fará media se a cualificación dunha das distintas probas da avaliación se á puntuación é inferior a 3 puntos sobre 10.

O alumnado superará a materia en dous supostos:

1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.

2.- Ter dúas avaliacións aprobadas sempre que unha delas sexa a terceira e a media entre as tres avaliacións, sexa igual ou superior a cinco.

A cualificación final obtense a partir da media aritmética entre as notas das tres avaliacións parciais.

RECUPERACIÓN DA MATERIA PENDENTE DE CURSOS ANTERIORES:

O docente do nivel en curso fará o seguimento do alumnado que deba recuperar a materia pendente. A avaliación positiva nas dúas primeiras avaliacións da materia no curso actual recuperará a materia pendente (no caso de lingua castelá de 3º de ESO, o alumnado terá que realizar ademais un traballo sobre contidos de literatura de 3º). A cualificación, en tal caso, será 5.

No suposto de que o alumno non aprobe ou quera subir a nota terá que realizar a proba escrita no mes de Maio. As datas destas probas serán fixadas pola xefatura de estudos e publicadas na web do centro.

